

XVIII ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Nas bocas do futuro: mocidade e lingua

14 e 15 de abril de 2016

Consello da Cultura Galega

Santiago de Compostela

CURRÍCULOS

CONCHI COCHÓN

Licenciada en Filoloxía Hispánica, especialidade Galego-Portuguesa, pola Universidade de Santiago de Compostela; posteriormente realizou o mestrado interuniversitario en Política Lingüística e Planificación da Lingua Galega, do que acadou o título pola Universidade de Vigo.

Traballa no Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra desde a súa creación, no ano 1999. Desde ese ano pertence á CTNL e foi parte da directiva desta asociación entre os anos 2000 e 2006.

Como técnica de normalización e membro da CTNL, participou e participa en diversos proxectos colectivos para a normalización da lingua. Algunhas destas iniciativas, como a Rede de Entidades Amigas da Lingua, son de ámbito local e sitúanse en Pontevedra; outras, como Ciberlingua, Club de Debate ou Apego, naceron e desenvolvéronse ao longo do país, grazas ao traballo en colaboración de moitos servizos de normalización municipais e diversas entidades comprometidas co noso idioma.

MIGUEL PÉREZ PEREIRA

Catedrático de Psicoloxía Evolutiva e da Educación da Universidade de Santiago de Compostela.

O seu principal eido de investigación é a adquisición da linguaxe, tanto en nenos con desenvolvemento típico como en cegos e prematuros.

Foi presidente da Asociación para o Estudo da Adquisición da Linguaxe (AEAL) (2006-2013).

Publicacións (escolla): Pérez-Pereira, M. e Conti-Ramsden, G., *Language development and social interaction in blind children*, Hove, UK: Psychology Press, 1999, ISBN 0-86377-795-3; Pérez-Pereira, M. e Conti-Ramsden, G., “Do blind children show autistic features?”, en L. Pring (ed.), *Autism and blindness: current findings and reflections*, Londres: Whurr Publishers, 2005, pp. 99-127. ISBN 1 86156 444 9; Arratibel, N.; Barreña, A.; Pérez Pereira, M. e Fernández, P., “Comparaciones interlingüísticas euskara-galego del desarrollo léxico y gramatical”, en Mayor, M.A., Zubiauz, B. e Díez, E. (eds.), *Estudios sobre la adquisición del lenguaje*, Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca, pp. 983-997, 2005; Pérez Pereira, M. e Castro, J. “Language acquisition and the compensation of visual deficit: New comparative data on a controversial topic”, *British Journal of Developmental Psychology*, 1997, 15, pp. 439-459; Pérez Pereira, M., “Deixis, personal reference, and the use of pronouns by blind children”, *Journal of Child Language*, 1999, 26, pp. 655-680; Pérez-Pereira, M., “Early Galician/Spanish bilingualism: contrasts with monolingualism”, en C. Pérez-Vidal, M. J. Garau & A. Bel (eds.), *A portrait of the young in the new multilingual Spain*, Clevedon: Multilingual Matters, 2008, pp. 39-62. ISBN-13: 978-1-84769-023-4 (hbk), ISBN-13: 978-1-84769-022-7 (pbk); Pérez Pereira, Miguel, “A adquisición da lingua”, en Elisa Fernández Rei e Xosé Luís Regueira (eds.), *Perspectivas sobre a oralidade*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Instituto da Lingua Galega, 2008, pp. 169-186; Pérez Pereira, M., “Darwin e a Psicología Evolutiva”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, 184, 2009, pp. 145-155; Pérez Pereira, M., “Imitations, repetitions, routines, and the child's analysis of language: Insights from the blind”, *Journal of Child Language*, 1994, 21, pp. 317-337; Resches, Mariela e Pérez-Pereira, M., “Referential communication abilities and Theory of Mind development in preschool children”, *Journal of Child Language*. 34 (1), 2007, pp. 21-52; Pérez Pereira, M. e Resches, M., “Concurrent and predictive validity of the Galician CDI”, *Journal of Child Language*, 38, 2011, pp. 121-140; Eriksson, M.; Marschik, P. B.; Tulviste, T.; Almgren, M.; Pérez Pereira, M.; Wehberg, S. *et al.*, “Differences between girls and boys in emerging language skills: Evidence from 10 language communities”, *British Journal of Developmental Psychology*, 30(2), 2012, pp. 326-343; Pérez-Pereira, M., Fernández, P., Gómez-Taibo, M. & Resches, M., “Language development of low risk preterm infants up to the age of 30 months”, *Early Human Development*, 2014, 90, pp. 649-656; Pérez-Pereira, M., Fernández, P., Gómez-Taibo, M. e Resches, M., “Does temperament influence language development? Evidence from preterm and full-term children”, *Infant Behavior and Development*, 42, 2016, pp. 11-21.

FERNANDO RAMALLO

Vigo, 1965.

Profesor titular de Lingüística Xeral (Universidade de Vigo).

Liña de investigación: Sociolingüística.

Académico correspondente da Real Academia Galega. Membro do Comité de Expertos da *Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias* do Consello de Europa (2013-2019).

Publicacións recentes:

Libros: 2013. *Las lenguas de España a debate*, Valencia: Unoycero [Con Francisco Moreno Fernández]; 2012. *Mocidade, lingua e redes sociais*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. [Con Luis Domínguez]; *Vigo, cidade babel. O Verbum da diversidade lingüística*, Vigo: Concello de Vigo. [Con Sabela Pato]; 2010. *New perspectives on endangered languages*, Amsterdam: John Benjamins [Con José Antonio Flores Farfán].

Artigos e capítulos de libros:

2015. "The Standardization of Galician", *Sociolinguistica. International Jahrbuch für Europäische Soziolinguistik*, 29, 1-21 [Con Gabriel Rei-Doval]; "Graffiti y conflicto lingüístico: el paisaje urbano como espacio ideológico", *Revista Internacional de Lingüística Iberoamericana*, 25, 131-153 [Con Susana Rodríguez Barcia]; "Language diversity in Vigo: the challenges of a minoritized language in a highly Castilianized city", en Boix-Fuster, Emili (ed.), *Urban Diversities and Language Policies in Medium-Sized Linguistic Communities*, Bristol: Multilingual Matters, 50-66 [Con Iago González Pascual]; "De masones, sodomitas, herejes y comunistas: las minorías en la historia de la lexicografía monolingüe española", *Estudios de Lingüística del Español*, 36, 449-483 [Con Susana Rodríguez Barcia]; "Neofalantes as an active minority: Understanding language practices and motivations for change amongst new speakers of Galician", *International Journal of the Sociology of Language*, 231, 147-165 [Con Bernadette O'Rourke]; "New speakers of minority languages: the challenging opportunity", *International Journal of the Sociology of Language*, 231, 1-20 [Con Bernadette O'Rourke e Joan Pujolar].

2014. "Language policy and conflict management: A view from Galicia", en Alexander, N. and von Scheliha, A. (ed.), *Language policy and the promotion of peace. African and European case studies*, Pretoria: Unisa Press, 93-103; "Perfils de neoparlants de gallec", *Digithum*, 16, 18-24. [Con Bernadette O'Rourke].

2013. "A miña variedade é defectuosa': a lexitimade social das neofalas", *Estudos de Lingüística Galega*, 5, 89-103 [Con Bernadette O'Rourke]; "Competing ideologies of linguistic authority amongst *new speakers* in contemporary Galicia", *Language in Society*, 42(3), 287-305 [Con Bernadette O'Rourke]; "Neofalantismo", en Gugenberger, Eva; Monteagudo, Henrique e Rei-Doval, Gabriel (ed.), *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 245-258.

2012. "El gallego en la familia: entre la producción y la reproducción", *Caplletra*, 53; "De labradores a pistoleros: el Movimiento de los Trabajadores Rurales sin Tierra en la revista *Veja*", *Revista Signos. Estudios de Lingüística*, 45(79), 132-153 [Con Cláudia Mendes Giesel].

2011. "O enclave lingüístico de Xálima: unha análise sociolingüística", *Estudos de Lingüística Galega*, 3, 111-135; "The native-non-native dichotomy in minority language contexts", *Language Problems and Language Planning*, 35(2), 139-159 [Con Bernadette O'Rourke].

Editor de revistas: 2000-2006. *Estudios de Sociolingüística*. Universidade de Vigo; 2007-2013. *Sociolinguistic Studies*. Equinox [UK].

LUÍS CUNTÍN

Naceu en Santiago de Compostela en 1960.

No ano 1983 licenciouse en Xeografía e Historia na USC.

Na primavera de 1984 iniciou a súa andaina profesional ao vincularse á Escola Galega de Educadores Especializados en Marxinación Social. Dentro desta ocupou a responsabilidade de profesor coordinador da Área de Prácticas. Nela desenvolveu ademais o estudo, deseño e posta en marcha de diversos proxectos de intervención social en medio aberto, á procura de xerar experiencias de referencia das que entón se carecía en Galiza.

No verán de 1987, incorporouse como técnico ao gabinete de investigación sociolóxica aplicada, Obradoiro de Socioloxía, S.L., hoxe desaparecido.

Desde entón, nese marco, orientou a súa dedicación á Socioloxía, cunha especial dedicación ás investigacións na esfera das problemáticas sociais, do benestar e a planificación dos servizos para promovelos e garantilos, nomeadamente os Servizos Sociais e as cuestións relacionadas con, principalmente, educación, saúde, cultura e lecer, traballo, situación da muller, minorías étnicas etc. Dentro da orientación xeral da

empresa e da súa propia carreira, participou como adxunto á dirección de campo na recollida de información para o Mapa Sociolingüístico de Galicia nos primeiros anos 90.

Doutro lado, no ciclo de 1987 a 1998, singularmente nos primeiros anos 90, en clave profesional, foi profesor colaborador do “Centro de Estudios del Menor”, dependente do Ministerio de Xustiza, mentres, en clave voluntaria, participaba no deseño de proxectos de intervención social, e como relator ou formador en congresos e xornadas dirixidas a profesionais dos Servizos Sociais, colaborando con frecuencia coa hoxe extinta REGAL (Rede Galega de Loita contra a Pobreza) e co movemento veciñal de Compostela.

Desde 1998 ata xaneiro de 2014, sempre dentro de Obradoiro de Socioloxía, S.L., agora en calidade de director técnico, consolidou a súa dedicación preferente anterior e ampliouna ao ámbito da socioloxía político-electoral, converténdose nun profesional recoñecido no ámbito galego, requirido con frecuencia, con relación a cuestións sociolóxicas diversas, para conferencias e charlas, tanto de divulgación como en medios especializados, xa de iniciativa social, xa profesionais ou académicos; sesións de formación nesos últimos; máis ocasionalmente debates en medios, etc. As investigacións foron agora neste segundo ciclo, acaso máis complexas e ambiciosas, implicando colaboracións reiteradas como consultor con diversas instancias da Administración local e autonómica e coa oficina do Valedor do Pobo, así como con entidades de iniciativa social, en especial o Secretariado Xitano, Cáritas Diocesana de Santiago e a Cruz Vermella, departamentos universitarios da USC, UVIGO e UDC, etc.

Ademais, entre 2005 e 2010 compatibilizou a dirección técnica do gabinete devandito coa docencia, en calidade de profesor asociado, na Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da USC.

Na actualidade e desde 2014, desenvolve as súas actividades profesionais como consultor e formador independente no ámbito da socioloxía aplicada. A inmigración, o emprego, a sociolingüística, o mercado audiovisual, a distribución alimentaria e a socioloxía das organizacións son campos temáticos en que neste período está a desenvolver investigacións significativas, con novos clientes que se suman aos anteriores, nomeadamente o Consello da Cultura Galega, o Concello de Santiago de Compostela e a CRTVG.

MANUEL BERMÚDEZ

Técnico de Normalización Lingüística do SNL da USC. Forma parte dese feixe de traballadores e traballadoras que formaron hai máis de vinte anos a CTNL. Membro da

Comisión Técnica do CDSG do Consello da Cultura Galega. Autor de *Reparar a corrección* (CTNL) e coautor de *Manual de linguaxe non sexista* (USC).

EDUARDO RODRÍGUEZ BANGA

Obtivo o título de Enxeñeiro de Telecomunicación en 1990, e o de doutor enxeñeiro de Telecomunicación en 1996, ambos na Universidade de Vigo. É profesor na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación desde o ano 1991, primeiro como profesor asociado e desde 1997 como profesor titular. A súa actividade docente estivo sempre relacionada co procesado de sinal e os sistemas de comunicacións analóxicos e dixitais, participando nas distintas titulacións impartidas na Escola, incluídos programas de doutoramento e máster. A súa investigación está fundamentalmente relacionada co procesado de sinal, moi especialmente co procesado de sinais de voz. Os seus traballos investigadores máis recentes están relacionados coas técnicas de síntese de voz e coa tradución automática estatística. Foi investigador principal en varios proxectos de ámbito nacional e dirixiu tres teses de doutoramento. Os resultados da súa investigación foron publicados en prestixiosas revistas e congresos internacionais. É membro do IEEE e da ISCA (International Speech Communication Association). É un dos responsables do sistema Cotovía, un conversor de texto a voz en galego e castelán, que se atopa dispoñible como código aberto (<http://cotovia.gts.uvigo.es>).

ROSARIO PÉREZ MAGDALENA

Licenciada en Filoloxía Hispánica (especialidade Galego-Portugués) na Universidade de Santiago de Compostela. Realizou estudos de Terceiro Ciclo no programa de doutoramento *Filoloxía Galega* e acadou no ano 2000 o Diploma de Estudos Avanzados. En 2010 realizou o Máster universitario en política lingüística e planificación da lingua galega (USC).

É autora da publicación *A aprendizaxe da lingua galega no ensino non regrado de adultos*, editada polo Consello da Cultura Galega en 2002.

Na actualidade é técnica superior do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG), pertencente ao Consello da Cultura Galega, onde realiza tarefas de asesoramento e xestión documental no ámbito da normalización e planificación lingüísticas. Como técnica do CDSG, participou en diferentes seminarios de formación do profesorado sobre ferramentas lingüísticas e informáticas en Internet, organizados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Tamén

participou na elaboración de recursos dixitais como *Loia. Guía de recursos para a lingua galega* (2006) e *Kit para a normalización en rede* (edicións de 2006 e 2014).

MARCUS FERNÁNDEZ

Con formación en Informática, desenvolve a súa actividade profesional no mundo da Internet, participando en iniciativas pioneiras na Rede galega, así como no asociacionismo (ISOC-GAL, EGANET e a Asociación PuntoGal), o que o levou a contribuír á posta en marcha do dominio de Internet para a sociedade galega (o .gal).

Exerce funcións de administración e redacción da web de *Código Cero* (diario de novas tecnolóxicas de Galicia, con edición mensual en papel) dende 2001, o que combinou con preto de 3 anos nunha experiencia de televisión local en Compostela.

Complementa a súa actividade profesional cun blog persoal e distintas colaboracións en medios galegos (*Tempos Novos*, *Luzes*, *RadioVoz*, *Radio Coruña-Cadena SER*, *Radio Galega* e *Televisión de Galicia*). Tamén coa elaboración de distintas páxinas web de empresas, tendas en liña, asociacións...

Páxina web persoal: <http://marcus.gal/>

XUSTO A. RODRÍGUEZ RÍO

Foz (Lugo), 1970.

Licenciado en Filoloxía Hispánica (subsección Galego-Portugués) pola Universidade de Santiago de Compostela (1993), e acadou o grao de licenciado pola USC, coa memoria de licenciatura *Os empréstitos no galego actual* (1996).

A miña vida profesional desenvolveuse fundamentalmente no Servizo de Normalización Lingüística da USC, en dúas etapas (1996-1998 e 2001-actualidade). Desde o ano 2001 traballo como técnico de normalización lingüística do Campus de Lugo, e desde 2005 son o responsable da Área de Terminoloxía do Servizo. Como parte do meu traballo: realicei boa parte dos contidos dos materiais elaborados dentro do proxecto "Mellorando os servizos, como ti queres" (1997); coordino e participo como autor nos dicionarios e vocabularios técnicos que o SNL editou desde o ano 2004; coordino o traballo relacionado con *bUSCaterms* (deseño, mantemento, actualización de fontes, presentacións públicas...); redacto os textos incluídos na sección "Un idioma preciso"; administro a rolda de terminoloxía USC-Lexiterm; realizo labores de asesoramento lingüístico (resolución de consultas, revisión de documentación escrita...).

Tamén fixen algúns traballos no terreo da metodoloxía terminográfica, sobre o tratamento dos préstamos na lexicografía galega, e sobre o papel das universidades na modernización terminolóxica do galego.

VALENTINA FORMOSO GOSENDE

Profesora das materias de Lingua galega e de Portugués no IES Félix Muriel de Rianxo, onde coordina o Equipo de Normalización Lingüística. É tamén a coordinadora xeral da Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL) desde 2009.

Compaxinou sempre a súa vida laboral coa investigación en sociolingüística. Comezou a súa carreira laboral no departamento de normalización lingüística da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), experiencia que lle serviu para, ademais de elaborar varios materiais lingüísticos para o ámbito económico e empresarial, sentar as bases do que sería a súa tese de doutoramento: *A lingua galega no ámbito empresarial: usos e representacións sociolingüísticas*.

A experiencia do ámbito do ensino secundario e dos Equipos de Normalización avalou outra investigación que se concretou na súa última publicación, o libro *Do estigma á estima. Propostas para un novo discurso lingüístico* (2013, Ed. Xerais).

Ten publicado varios artigos arredor destas dúas áreas de investigación e tamén sobre terminoloxía, ámbito en que afondou durante a súa estadía en TERMIGAL.

ANIK NANDI

Burdwan, India 1981.

Sociolingüista bengalí. Actualmente é *James Watt Scholar* (bolseiro) en Heriot-Watt University (Edimburgo, Reino Unido), onde desenvolve a súa tese de doutoramento. Investigador en formación nun proxecto da Unión Europea (COST Action I S1306: *New Speakers in a Multilingual Europe*) sobre os neofalantes de galego. Tamén é investigador asociado no equipo de sociolingüística do Instituto da Lingua Galega (ILG) da Universidade de Santiago de Compostela e colaborador na Cátedra UNESCO de Patrimonio Lingüístico Mundial da Universidade do País Vasco.

Especialista nas áreas de política lingüística, linguas minoritarias/ameazadas e no ensino de linguas estranxeiras. Participa activamente en conferencias nacionais e internacionais. Autor de diversas publicacións científicas recollidas en revistas

prestixiosas como *Atlantis: Journal of the Spanish Association of Anglo-American Studies*, *Grial. Revista Galega de Cultura*, *Hispanic Horizon*, *Papeles de la India*. Foi bolseiro do Ministerio de Asuntos Exteriores y de Cooperación de España (2008-12).

MARTA GÓMEZ OCAMPO

Formación académica:

2011: Grao en Ciencias Políticas e da Administración (USC); 2012: Máster Oficial en Xuventude e Sociedade (USC); 2012 até a actualidade: Programa de doutoramento en Xestión Pública. Tese *A política lingüística en Galicia*, Departamento de Ciencia Política, Facultade de Ciencias Políticas e Sociais (USC).

Experiencia laboral:

Xullo 2015-decembro 2015: Docente de apoio na Mariña-COGAMI; Outubro 2013-xuño 2014: Docente externa no Máster Oficial en Xuventude e Sociedade (USC); Abril 2013: Coordinadora do Seminario *Técnicas Cualitativas de Investigación Social*, organizado polo Máster Xuventude e Sociedade; Maio 2012-xullo 2012: Casa de Xuventude de Noia, período de prácticas de Máster; Xuño 2011-outubro 2011: Persoal Investigador, Universidade de Barcelona. Proxecto: Plan Nacional de I+D+i “El Sistema de la Política cultural en España”, Universidade de Barcelona. Director: Arturo Rodríguez Morató; Outubro 2010-febreiro 2011: Fundación Araganey, Departamento de Prensa e Comunicación (período de prácticas de Grao).

Publicacións:

2012: “La política cultural en la Comunidad Autónoma Gallega: de la dependencia a la autonomía”, con Antonio Losada Trabada (USC) e Xesús Lage (UV) publicado no monográfico *La política cultural en España: los sistemas Autonómicos*, en *RIPS (Revista de Investigacións Políticas e Sociolóxicas)*, volume 11, nº 3, 2012.

ROSARIO ÁLVAREZ

Catedrática de Filoloxías Galega e Portuguesa e vicepresidenta do Consello da Cultura Galega. Está vinculada á Universidade de Santiago de Compostela desde o comezo dos seus estudos de Filosofía e Letras (1969-1974), primeiro como bolseira do Instituto da Lingua Galega (1973), creado pola universidade dous anos antes, e logo como membro do cadro de persoal docente e investigador (1976).

Doutora pola USC desde 1980. Nesta universidade ocupou diversos cargos de xestión. Foi vicerreitora de Profesorado (1990-1994), sendo reitor Ramón Villares, e dirixiu o Departamento de Filoloxía Galega (1995-1999). Na actualidade é Catedrática de Filoloxías Galega e Portuguesa (1998) e directora do Instituto da Lingua Galega (2005).

No seo do Instituto da Lingua Galega ten dúas liñas fundamentais de investigación. Como membro do equipo do Atlas Lingüístico Galego, no que participa desde os inicios (1973), céntrase na variación e cambio lingüísticos, tanto referidos ao momento presente coma a etapas anteriores. Como impulsora e membro activo do equipo de gramática, ocúpase da gramática descritiva do galego moderno, con incursións en etapas previas da historia da lingua ou en perspectiva diacrónica, e mais do contraste gramatical entre portugués e galego. Participa activamente na formación de grupos de traballo e na organización de encontros que axuden a trasladar os resultados de investigación.

A súa investigación, en forma de libros, artigos ou comunicacións en congresos, céntrase nas liñas enunciadas anteriormente. Son numerosos os traballos dedicados ao pronome persoal, tanto desde o punto de vista da descrición sincrónica do seu comportamento morfolóxico e sintáctico, coma da variación e procesos de cambio lingüístico atinxentes. Os seus traballos sobre o galego falado ou sobre lingua de autor buscan, en última instancia, mostrar a variación lingüística existente con vistas a unha posible maior definición do estándar. Nos últimos tempos ten aberta, ademais, unha liña frutífera de recuperación e edición de textos escritos no galego medio e das primeiras décadas do século XIX, sempre co norte de proporcionar datos fiables para o estudo da variación e o cambio lingüísticos.

Ingresou na Real Academia Galega en 2003, cun discurso sobre variación lingüística, que foi contestado por Antón Santamarina. Desde ese mesmo ano dirixe o Seminario de Gramática da RAG.

Está ligada ao Consello da Cultura Galega desde 1984, ininterrompidamente, como membro da entón chamada “Comisión de Lingua”. Desde 2007 pertence ao Plenario, en representación do Instituto da Lingua Galega.

HÅKAN CASARES BERG

Coordinador do Observatorio da Cultura Galega. Doutor en Filoloxía pola Universidade de Vigo. Colaborador externo do Instituto da Lingua Galega. Vogal do consello de administración da Editorial Galaxia. Traballou como investigador contratado da Universidade de Santiago e da Real Academia Galega. Foi membro da Comisión do Plan de Normalización Lingüística da Xunta de Galicia e do comité de expertos para o

impulso das linguas cooficiais na Administración Xeral do Estado do Ministerio de Administracións Públicas (Goberno de España). É autor de publicacións do ámbito da sociolingüística, a economía da cultura e a estatística cultural.

XAQUÍN LOREDO GUTIÉRREZ

Licenciado en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) e membro do Seminario de Sociolingüística da RAG desde o 2000 ata a actualidade.

Proxectos de investigación (rematados): 2004-2010: “Revisión do Mapa Sociolingüístico de Galicia”, Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega en colaboración coa Xunta de Galicia, 2008-2010: “Avaliación da competencia do alumnado de 4º da ESO nos idiomas galego e castelán”, USC, ICE en colaboración coa Xunta de Galicia. 2005-2007: “Situación do ensino da Lingua Galega na Educación Secundaria Obrigatoria”, Consello da Cultura Galega e USC, ICE. 2004-2005: “Sociedade e Idioma en Galicia (1992-2003)”, Comisión Técnica de Lingua e Sociedade do Consello da Cultura Galega. 2002-2004: “Análise da situación do ensino bilingüe na Comunidade Autónoma de Galicia”, Programa de Promoción Xeral de Investigación e desenvolvido pola USC e con referencia PGIDT02RDU20401PR. 1999-2001: “Deseño de medidas para mellorar as actitudes cara ó galego e incrementar o seu uso”, Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega en colaboración coa Xunta de Galicia.

Publicacións (selección): Loredó, X. e Monteagudo, H. (no prelo), “La transmisión intergeneracional del gallego. Comparación con el catalán”, *Treballs de Sociolingüística Catalana*, 17; Loredó, X. (no prelo), “Estabilidade e cambio da lingua de transmisión familiar nos usos lingüísticos da poboación infantil galega”, *Revista Galega de Educación*, 65; Loredó, X. (2015), “Aproximación á situación sociolingüística en Galicia. A evolución da transmisión lingüística interxeracional do galego”, *A Letra Miúda. Revista de Sociolingüística para o Ensino*, 6, 1–30; Loredó, X. e Silva, B. (2014), “Variables asociadas á competencia gramatical e léxica en galego e castelán do alumnado de Galicia ao final do ensino obrigatorio”, *Revista de Investigación en Educación*, 12 (2), 191–208; González González, M., Rodríguez Neira, M., Pereiro, Rozas, A., Loredó Gutiérrez, X., Suárez Fernández, I., Salgueiro Veiga, E. (2011): *Mapa Sociolingüístico de Galicia: Actitudes lingüísticas en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega; González González, M., Rodríguez Neira, M., Fernández Salgado, A., Loredó Gutiérrez, X., Suárez Fernández, I. (2008): *Mapa Sociolingüístico de Galicia: Usos lingüísticos en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega; González González, M., Rodríguez Neira, M., Fernández Salgado, A., Loredó Gutiérrez, X., Suárez Fernández, I. (2007): *Mapa Sociolingüístico de Galicia: Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega; González González, M., Rodríguez Neira, M.,

Dosil Maceira, A., Pérez Vilariño, J., Real Deus, E., Casares Berg, H., Fernández Salgado, A., Loredó Gutiérrez, X., Pereiro Rozas, A., Suárez Fernández, I. (2003): *O galego segundo a mocidade*, A Coruña: Real Academia Galega; Montegudo, H., Lorenzo, A., Casares, H., Loredó, X., Suárez, I. (2005): *A sociedade galega e o idioma*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega; Silva Valdivia, B., Buela Piedra, P., Loredó Gutiérrez, X. e Morán de Castro, M. C. (2008): *Situación do ensino da lingua e da literatura galega na educación secundaria obrigatoria*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega; Silva Valdivia, B. (ed.), Barros Lorenzo, R., Buela Piedra, P., Loredó Gutiérrez, X., Núñez Sabarís, X., Núñez Singala, M., Sans Boga, D. (2010): *Avaliación da competencia do alumnado de 4º da ESO nos idiomas galego e castelán*, Santiago de Compostela, Instituto de Ciencias da Educación; Loredó Gutiérrez, X., Fernández Salgado, A., Suárez Fernández, I. e Casares Berg, H. (2007): “Language Use and Language Attitudes in Galicia”, in D. Lasagabaster e A. Huguet (eds.), *Multilingual in European Bilingual Contexts*, Clevedon, Multilingual Matters Ltd.

Liñas de traballo actuais e futuras: Elaboración dun modelo predictivo; Análise de perfís de cambio de lingua habitual; Estudo das actitudes lingüísticas implícitas cara á lingua galega e castelá; Estudo do cambio de actitudes lingüísticas implícitas e explícitas en galego e castelán; Comparación entre as actitudes implícitas e explícitas ante o galego e o castelán; Avaliación da evolución dos usos lingüísticos en Galicia; Elaboración dun Repositorio de sociolingüística; O comportamento lingüístico da mocidade.

CECILIO LAPRESTA

Licenciado en Socioloxía e doutor pola Universitat de Lleida. Na actualidade é profesor da área de Socioloxía do Departamento de Xeografía e Socioloxía desta universidade.

Tamén é membro do Grupo de Investigación Consolidado pola Generalitat de Catalunya “Plurilingüismo y Educación”, dirixido polo profesor Ángel Huguet.

As súas liñas de investigación durante os últimos 15 anos centráronse na análise das actitudes lingüísticas dos escolares e a integración sociolingüística e socioeducativa dos escolares en contextos multilingües, especialmente en Cataluña.

Consecuencia dos seus intereses de investigación, realizou estadías de investigación en diferentes universidades, entre outras, as universidades de Toronto, Montreal e Bishop (Canadá), Reading (Reino Unido), Autónoma “Benito Juárez” de Oaxaca (México) ou Pennsylvania (Estados Unidos).

Dirixiu e participou en numerosos proxectos de investigación de ámbito autonómico, estatal e europeo.

É autor ou coautor dunha ducia de libros, ao redor de 25 capítulos de libro e outros tantos artigos en revistas de recoñecido prestixio no ámbito de estudo, tanto nacionais como internacionais.

No ano 2007 obtivo o 2º Premio Nacional de Investigación Educativa polo traballo “Actitudes Lingüísticas, Escuela e Inmigración. Los escolares ante la diversidad lingüística y cultural”, convocado polo Ministerio de Educación, Política Social y Deporte.

GREGORIO FERREIRO FENTE

Funcionario de carreira do corpo de profesores de ensino secundario, é actualmente asesor técnico da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, organismo público dentro do que participou na redacción, posta en marcha ou coordinación de proxectos como o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega ou a Comisión Interdepartamental da Xunta de Galicia. Foi profesor colaborador do Instituto de Ciencias da Educación (cursos de aptitude pedagóxica) da USC e colabora dende hai anos co Centro Autonómico de Formación e Innovación e cos centros provinciais de formación e recursos do profesorado, nos que imparte cursos sobre sociolingüística e planificación lingüística, temáticas sobre as que ten pronunciado conferencias, publicado artigos e organizado congresos.

Paralelamente, é autor de libros (Edicións do Castro, TresCtres Editores, Edicións Xerais de Galicia, Mar Maior) e de artigos e ensaios sobre escritores (Ernesto Sábato, Luís Seoane, Lorenzo Varela, Daniel R. Castelao, José Otero Espasandín, Valentín Paz-Andrade, Eduardo Blanco-Amor) e temas literarios (poesía cívica, ecdótica, edicións literarias), aparecidos en publicacións especializadas e de divulgación (*Boletín Galego de Literatura, Grial, Tempos Novos, Boletín da Real Academia Galega*, actas de congresos, etc.) e xornais (*La Voz de Galicia, Faro de Vigo, Galicia Hoxe*).

LUCÍA ALDAO e MARÍA LADO

Poetas dende a súa adolescencia, Lucía Aldao e María Lado non soportan a idea dun poeta aburrindo o público cos seus textos. Por iso inventaron, hai xa 10 anos, un formato de lectura ("o aldaolado") no que cantan as súas cancións favoritas, contan historias máis ou menos simpáticas que teñen que ver cos poemas, a literatura, ou a súa azarosa vida de escritoras, e propoñen ao público que se convertan en autores dadaístas a través de divertidos xogos. O que faga falta para que o respectable asista a unha velada chea de poesía, emoción e divertimento.

Desta experiencia naceron títulos como *Onde estea un cubata que se quite un soneto*, *Moita poesía, pouca diversión*, *Poeta de mierda*, *Con dez poemas por barba*, *After*, *Sempre en Ibiza*, ou *Pendanca e Oso*, espectáculos cos que viaxan por Galicia nunha xira crónica, e por algún lugar máis de cando en vez.